



AXUDAS COMEDOR ESCOLAR XESTIÓN DIRECTA. CORONAVIRUS: COVID-19.

A que persoas vai dirixido?

As familias do alumnado que utiliza o servizo de comedor e que ostenta a condición de gratuíto (que polo tanto non pagan nada) e do que por renda familiar resulta pagador de 1 euro.

2. En que consiste a axuda?

As axudas económicas previstas consisten nunha compensación do custo diario do menú por comensal, entendido como o servizo de comida ao mediodía, e polos días lectivos de suspensión da prestación do servizo como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19. É dicir, axúdase economicamente á manutención do alumno/a que é o que se viña a facer no centro educativo, por iso non pagaba os 4,50€ de comedor por día que sería o tope máximo a pagar.

3. Que axuda se vai a percibir?

- 2,50 € por día lectivo no casos de alumnado gratuidade total
- 1,50 € por día lectivo para o alumnado que paga 1€

4. Que días cubre esta axuda?

Marzo: dende o día 16 ata o 31 de marzo: en total só 11 días lectivos.

Abril: dende o 1 ó 3 de abril: en total só 3 días.

Prórroga: se se prolonga outros 15 días cubriría os días lectivos ata o 1 de maio (non incluído por ser festivo)

5. Como se vai a pagar?

En dous pagamentos.

1º pagamento: polo período de marzo e o de abril ata semana santa (3 abril).

2º pagamento: si se prorroga unha terceira situación de alarma ata o 1 de maio.

6. Quen son os beneficiarios?

Familias que cumpren os requisitos económicos (punto 2) cun ou máis fillos/as escolarizados en centros educativos ó cargo da Consellería de Educación.

7. Como presentar a solicitude e qué prazo hai?

Prazo: dende o día 31 de marzo o 6 de abril, ambos inclusive.

Presentación: Forma electrónica, de dúas formas posibles:

1. Formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> Para elo é necesario ter certificado dixital, ou a chave 365.

Se non dispón deste medio:

2. Dirección do centro: enviando un correo electrónico a ceip.ramallosa@edu.xunta.gal cos seguintes datos (estes datos tamén pretenden garantir a veracidade da solicitude):

No asunto da mensaxe poñer: **Solicitude axudas comedor**

No corpo da mensaxe os seguintes datos...

Nome do pai/nai:

DNI do pai ou nai (do que solicita):

Pagamento: (indicar se o alumno é de pago gratuíto ou de 1 €)

Nome do alumno/a (ou dos alumnos se son máis de un):

Número de conta bancaria para recibir o ingreso:

(Dato de seguridade) Teléfono do pai ou da nai que se proporcionou ao centro:



As familias que opten por enviar un correo electrónico ao centro, poderán facelo xa, aínda que non estea aberto o prazo, para facilitar a xestión ao equipo directivo.

8. Publicítase a resolución das familias beneficiadas?

NON, porque son datos de especial vulnerabilidade, entón non será expostos publicamente as familias beneficiadas de acordo artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Aclaración: cada familia saberá si é beneficiaria por ingreso de conta bancaria.

9. Canto tempo tarda en resolverse a resolución?

10 días, desde que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

10. Canto tempo tarda a Xunta de Galicia en aboar o pagamento?

5 días dende que salga a resolución.

CEIP DA RAMALLOSA

Asdo: Benxamín Salgado Gómez
(Director)